

## **INFORME DE FACENDA LOCAL**

### **APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DE DETERMINADAS ORDENANZAS FISCAIS.**

Recibidas as pertinentes propostas dos distintos servizos deste Concello, e para os efectos de dar cumprimento ao Decreto da Alcaldía núm. 7605/2023, do 30 de agosto de 2023, tramítase o expediente para a modificación de determinadas Ordenanzas fiscais.

O expediente tramítase con arranxo ás disposicións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento, tendo as Entidades Locais a través das Ordenanzas Fiscais a capacidade de exercer a potestade regulamentaria en materia tributaria.

Esta potestade regulamentaria do Concello en materia de aprobación de ordenanzas ampárase no disposto nos artigos 4.1.a) e 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como nas normas procedimentais necesarias para a aprobación das ordenanzas fiscais que se conteñen nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Recóllense a continuación os cambios propostos tanto polos Tenentes de Alcaldesa Delegados de Área como polos Concelleiros Delegados e responsables dos diferentes Servizos, incluíndo o de Facenda Local, para a modificación das Ordenanzas fiscais.

### **ORDENANZA FISCAL XERAL**

Pola Tesoureira Municipal propóñense as seguintes modificacións:

1) Modificación do punto 8 do artigo 24 respecto da responsabilidade solidaria e subsidiaria, do que se suprimen os supostos de sucesión de débeda a herdeiros, a derivación a socios de sociedades civís, e a subrogación a copropietarios e cónxuxes, supostos que, en puridade, non son supostos de responsabilidade, e que se incorporan ao artigo 22 relativo aos sucesores de persoas físicas, engandindo

un apartado 4º, e ao artigo 23 relativo aos sucesores de persoas xurídicas e de entidades sen personalidade engandindo un novo apartado 6.

2) Modificación do artigo 36º que regula as formas de pagamento ao que se incorpora un apartado 4. Inclúese a regulación do sistema de pago para as débedas pendentes en vía executiva que permite facer ingresos a conta das mesmas sen os efectos dos fraccionamentos, facilitando o pago aos debedores.

3) Modificación do artigo 74 que regula os embargos e dentro del inclúense os criterios para a declaración de fallidos e de créditos incobrables. Para unha mellor sistematización regúlense a declaración de fallidos e de créditos incobrables nun novo apartado 74 bis. Engádense no artigo 74 os motivos de oposición á dilixencia de embargo recollidos no artigo 170.3 a) da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria

4) Modificación do artigo 75.1 no que se regula os supostos nos que, en base ao establecido no artigo 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria se procederá á anulación de débedas inferiores á contía que se fixe como insuficiente para a obertura do custo que a súa exacción o recadación representen.

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 103 REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS**

1) O artigo 14 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, quedando suprimida a esixencia de licenza de primeira ocupación, tramitándose agora como unha comunicación previa á que haberá que engadirse o certificado final de obra asinado polo técnico competente e da comunicación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións e, no seu caso, certificación de empresas subministradoras de servizos, en consecuencia, a actividade administrativa de control pasará a realizarse trala fase de verificación de suficiencia documental, polo que se modifica a redacción da tarifa prevista no apartado V do artigo 3º da ordenanza, que pasa de denominarse "*licenza de primeira ocupación dos edificios*" a "*comunicacións previas de 1ª ocupación dos edificios*".

2) Modifícase o apartado e) do artigo 2º.1 relativo ao feito impoñible e devindicación, para corrixir o erro detectado na súa redacción, no que se confunde a presentación de documentación antes ou despois da resolución do expediente, no xeito de clarificar que de presentarse nova documentación antes da resolución non se devindicará de novo a taxa.

3) Suprímese o artigo 4º relativo á exclusións da obriga de solicitar licenza, suprímese o artigo 6º no que se establece a obriga de achegar determinada documentación á determinadas solicitudes, suprímese o artigo 7º cuxo contido incorpórase ao artigo 4º relativo a norma especial sobre a cota, suprímese o artigo 8º no que se regula o axuste da tramitación das licenzas urbanísticas, comunicacións ou declaracións responsables ás prevencións contidas nunha ordenanza de edificación e uso do solo, suprímese o artigo 13º relativo á vixiancia da execución das obras, suprímese o artigo 14º no que se regulaba a obriga de conservación das licenzas no lugar das obras, suprímese o artigo 15º relativo á caducidade, duración e prórroga das licenzas , por tratarse de regulacións propias dun regulamento do servizo.

Regulacións que non son materia tributaria a regular nunha Ordenanza Fiscal posto que xa se atopan regulados no propio regulamento de funcionamento do servizo, concretamente na ordenanza da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades.

4) Modifícase o artigo 5º, e pasa a incorporar o contido do artigo 7º suprimido en concordancia co establecido no artigo 103.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, regulador da xestión tributaria no imposto sobre construcións, instalacións e obras, nos que se regulan as liquidacións provisionais a conta e definitivas en base a base imponible e o custo efectivo e real das obras.

Así mesmo renumérase o devandito artigo 5º que pasa a denominarse artigo 4º Norma especial sobre o ingreso da cota.

5), Modifícase o artigo 9º relativo á tramitación da solicitude de licenzas de obras, comunicacións ou declaracións responsables e o artigo 10º relativo á resolución suprimindo aqueles aspectos que non son materia tributaria a regular nunha Ordenanza Fiscal.

6) No artigo 15º relativo á caducidade, duración e prórroga das licenzas, establecíase que a taxa pola concesión de prórroga quedaba fixado nun 20% do que lle correspondía á liquidación provisional. Mantense esta tarifa, se ben non no artigo 15 que queda suprimido, senón que se traslada ao artigo 3º, creando un apartado IX, denominado prórrogas coa mesma tarifa anterior.

7) A supresión dos artigos 6º, 7º, 8º, 13º, 14º e 15º fan necesario a reenumeración tamén do artigo 9º relativo a tramitación que pasa a ser o artigo 5º, do artigo 10º relativo a resolución que pasa a ser o artigo 6º, do artigo 11º relativo as notificacións que pasa a ser o artigo 7º, do artigo 12º relativo ao carácter das liquidacións, que pasa a ser o artigo 8º, e a reenumeración do artigo 16º relativo a infraccións e sancións tributarias que pasa a ser o artigo 9º.

Suprímese así mesmo o artigo 17º relativo ás partidas fallidas.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS SANEAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS**

Éngadese un novo punto 2 ao artigo 7º.2, para regular o consumo estimado no caso de inexistencia de lectura do contador, existindo contador operativo.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 112 do 18/05/2022 foi publicada a redacción da modificación do artigo 5º 2.4 da ordenanza fiscal número 109 das taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, aprobada polo Concello Pleno, mediante acordo de data 24/02/2022, no que pasouse a regular o suposto no que, de non terse producido unha lectura do contador de consumo de auga en sucesivos trimestres, de liquidar a taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio polos consumos acumulados de varios trimestres, se evitara que se tributara polos tramos tarifarios máis elevados.

Con todo a devandita modificación non se realizou nos mesmos termos para a ordenanza fiscal número 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, existindo a mesma problemática.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 200, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

Plantéxase a modificación do segundo parágrafo da letra c) e o terceiro parágrafo da letra d) do artigo 5 da ordenanza fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica relativo ao procedemento de concesión de beneficios fiscais neste imposto.

En virtude do artigo 95.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos apartados dous e tres do artigo 4º da ordenanza fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, atópanse reguladas a bonificación do 100% da cota nos vehículos históricos, do 50% nos híbridos e a do 75% nos vehículos eléctricos. As devanditas bonificacións restan condicionadas a que os titulares dos vehículos estean ao corrente de pago no imposto sobre vehículos de tracción mecánica por calquera vehículo ao seu nome.

Aos efectos de mellorar a xestión na tramitación dos procedementos de outorgamento da bonificación e evitar dúbidas na interpretación da norma especificase a data (na data da solicitude) e condicións do cumprimento da obriga de estar ao corrente de pago no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Todo elo en virtude do último parágrafo do artigo 95.6 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais “ *A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais das bonificacións a que se refiren os parágrafos anteriores establecerase na ordenanza fiscal*” e do artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei regulara das facendas locais.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

Plantéxase a modificación do punto dous do artigo 13 da ordenanza fiscal número 201 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana regulador dos coeficientes máximos a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación.

No apartado cuarto do artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, régúlase o período de xeración do incremento do valor (número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto devandito incremento) establecéndose no parágrafo cuarto deste apartado cuarto os coeficientes máximos a aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación.

De acordo co establecido neste parágrafo cuarto, será “*o que o que corresponda dos aprobados polo concello segundo o período de xeración do incremento de valor, sen que poida exceder dos límites sinalados no devandito artigo*”.

Así mesmo establécese no parágrafo quinto deste apartado cuarto que “ *Estes coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, podendo levar a cabo a dita actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.*”

O artigo 71 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, estableceu os importes máximos dos coeficientes para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, segundo o período de xeración do incremento de valor ao que se refire o apartado 4 do artigo 107 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo a aplicar con efectos dende 1 de xaneiro de 2023, sendo os seguintes:

| Periodo de xeración | Coefficiente |
|---------------------|--------------|
| Inferior a 1 ano.   | 0,15         |
| 1 ano.              | 0,15         |
| 2 anos.             | 0,14         |
| 3 anos.             | 0,15         |

ICB/icb  
Ref: 01\_24 informe-OOFF 2024  
Asunto:

| Periodo de xeración         | Coefficiente |
|-----------------------------|--------------|
| 4 anos.                     | 0,17         |
| 5 anos.                     | 0,18         |
| 6 anos.                     | 0,19         |
| 7 anos.                     | 0,18         |
| 8 anos.                     | 0,15         |
| 9 anos.                     | 0,12         |
| 10 anos.                    | 0,10         |
| 11 anos.                    | 0,09         |
| 12 anos.                    | 0,09         |
| 13 anos.                    | 0,09         |
| 14 anos.                    | 0,09         |
| 15 anos.                    | 0,10         |
| 16 anos.                    | 0,13         |
| 17 anos.                    | 0,17         |
| 18 anos.                    | 0,23         |
| 19 anos.                    | 0,29         |
| Igual o superior a 20 anos. | 0,45         |

Polo que os coeficientes establecidos na modificación do punto dous do artigo 13 cumpren as previsións establecidas no apartado cuarto do artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e o artigo artigo 71 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

### **ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

1) Aos efectos de facilitar a tramitación dos expedientes relativos ao outorgamento de exención no imposto sobre bens inmoables aos inmoables que se destinen a centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ao réxime de concerto educativo, así como a correspondente solicitude de compensación ao Estado por parte do Concello, regulado no artigo 62.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei regulara das facendas locais engádesse un apartado 3) ao artigo 4º da Ordenanza Fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmoables no que se establece:

a) O prazo para solicitar a exención para os devanditos inmoables por parte dos suxeitos pasivos do imposto.

b) A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención, que é a establecida no artigo 2 do Real Decreto 2187/1995, do 28 de decembro, polo que se determina o alcance e concesión da

exención establecida no imposto sobre bens inmobles aos centros educativos concertados e determínase o procedemento para satisfacer as compensacións a favor dos Concellos, previstas no apartado 2 do artigo 7 da Lei 22/1993, do 29 de decembro (Na actualidade artigo 62.2 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Todo elo en virtude do artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei regulara das facendas locais.

2) Modifícase o segundo parágrafo do apartado 4) do artigo 5º da Ordenanza Fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles relativo a bonificación no imposto sobre bens inmobles a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, prevista no 74.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facendas locais, aos efectos de clarificar que o inmovible polo que se solicita a exención ten que ser a vivenda habitual de toda a familia numerosa.

Todo elo en virtude do último parágrafo do artigo 74.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais "a ordenanza deberá especificar a clase e características dos bens inmobles a que afecte, duración, contía anual e demais aspectos substantivos e formais desta bonificación, así como as condicións de compatibilidade con outros beneficios fiscais" e do artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei regulara das facendas locais.

3) Modifícase o apartado sete do artigo 5 da Ordenanza Fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles reguladora da bonificación do 50% da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles para os bens inmobles nos que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.

Dende o establecemento da devandita bonificación, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2021, trala publicación da correspondente modificación da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do 23/12/2020, a maioría dos correspondentes expedientes de outorgamento de bonificación, foron negativos, por non poder cumprirse os requisitos técnicos esixidos na ordenanza fiscal.

No período de exposición pública do expediente de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles para o exercicio 2023 presentáronse alegacións solicitando a modificación dos parágrafos primeiro e segundo do apartado 7 do artigo 5 da devandita ordenanza. Por acordo plenario de data 29/12/2022 acordouse inadmitir as devanditas alegacións, *sen perxuízo de que se tiveran en conta os devanditos aspectos en posteriores revisións da ordenanza.*

Aos efectos solitouse ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente para que se estudiaran as propostas efectuadas nas devanditas alegacións e a súa viabilidade técnica.

Do informe emitido polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente resulta a modificación dos seguintes aspectos técnicos da ordenanza:

1) Para fomentar de xeito efectivo a utilización de enerxía solar, a bonificación debería concederse aos suxeitos pasivos que istalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico, é dicir, de xeito alternativo e non acumulativo.

2) No caso dos sistemas de aproveitamento térmico, a obriga de instalar unha determinada superficie ou potencia de paneis por m<sup>2</sup> construída non parece un método que busque a eficiencia, polo que no documento "Especificacións técnicas dos sistemas instalados" deberá xustificarse o cumprimento da normativa vixente en materia de eficiencia enerxética nas construcións (certificado por un instalador acreditado), sen limitación algunha de superficie mínima instalada.

2) Con respecto aos sistemas de aproveitamento eléctrico, elimínase a limitación do mínimo de 5kw instalados para acceder á bonificación, dado que con este límite é case imposible que se conceda bonificación algunha. Substitúese este requisito, pola acreditación duha porcentaxe de aforro anual de enerxía eléctrica, debidamente acreditado por un técnico ou instalador acreditado. Esta porcentaxe de aforro podería ser do 30% non excedendo éste do 50%, dado que obrigaría a instalar una superficie que nunha vivenda unifamiliar sería complicado de acadar.

Todo elo en virtude do establecido no segundo parágrafo do artigo 74. do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, "*Os demais aspectos substantivos e formais desta bonificación especificaranse na ordenanza fiscal*" e do artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de mazo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais

### **ORDENANZA NÚM 405 PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.**

Polo Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua propóñense as seguintes modificacións:

1) Modifícase o apartado dous do artigo 3º obrigas de pagamento, bonificacións e exencións, corrixiéndose neste apartado o concepto "taxa" erroneamente utilizado polo concepto "tarifa".



2) Modifícanse os apartados quinto, sétimo e oitavo do artigo 3º en concordancia co Decreto 5756/2023 de 21/06/2023 de organización municipal e o acordo da Xunta de Goberno Local de 26/07/2023 de delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local.

3) Modifícase o apartado seis do artigo 3º obrigas de pagamento, bonificacións e exencións, no que se inclúe a realización dos descontos que procedan cando por causas non imputables ao alumnado non sexa posible á impartición de determinadas clases nalgunha materia, todo elo de acordo ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais *“Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente”*.

4) Modifícase o apartado segundo do artigo 5º normas de xestión no que se especifican os documentos que acreditan a titularidade bancaria.

5) Modifícase o apartado terceiro do artigo 5º normas de xestión no que se modifican as datas límites para cursar a baixa na Escola no trimestre en curso.

En virtude do exposto, e de conformidade co disposto no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, engadido por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e artigo 49 do mesmo corpo legal, e artigo 17 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a tramitación axustarase ao seguinte procedemento:

**PRIMEIRO.-** Someter a aprobación á Xunta de Goberno Local os proxectos de modificación de determinadas Ordenanzas fiscais

Como trámites previos deberán recabarse o ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo e os informes do Secretario xeral do Pleno e do Interventor xeral municipal.

**SEGUNDO.-** De seren aprobados os devanditos proxectos, elevaranse ao Excmo. Concello Pleno para a súa aprobación inicial por maioría simple.

**TERCEIRO.-** Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello, durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como

ICB/icb  
Ref: 01\_24 informe-OOFF 2024  
Asunto:

definitivo o acordo inicial de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

**CUARTO.-** De terse presentado reclamacións, estas deberán valorarse pola Xunta de Goberno Local, que decidirá se modifica ou mantén o texto inicial, con carácter previo á resolución polo Pleno das reclamacións presentadas e aprobación da redacción definitiva das modificacións propostas das Ordenanzas fiscais.

Deberá publicarse o texto integro das ordenanzas definitivamente aprobadas ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e editarse o texto íntegro das ordenanzas fiscais dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

Asinado dixitalmente por Isabel Carbonés Bosch, Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica (Manuel Louzao Aldariz), na data que se indica á marxe.